

CLUB DE MONTAÑA O CARROUCHO

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ALTA E RENOVACIÓN DA CONDICIÓ DE SOCIO

Artigo 1º

As cotas de socio teñen unha **duración anual**. Admítense novos socios ao longo de todo o ano. A condición de socio remata, ao igual que a validez da licenza federativa, o día 31 de decembro do ano en curso.

Artigo 2º

A alta ou renovación da cota de socio **inclúe a alta na Federación Galega de Montañismo**, antes de facer o ingreso, é necesario revisar os prezos segundo o tipo de licenza que desexe cada socio en función das actividades que realice e o ámbito xeográfico de cobertura. Os prezos das cotas quedan expostos na web en canto son aprobados en Asemblea Xeral.

Artigo 3º

Os ingresos para facerse socio ou renovar a condición de socio, poden comezar a facerse a partires, e non antes, do **día 1 de xaneiro de cada ano**. Para casos excepcionais poñerse en contacto co club. Os ingresos deben indicar nome e apelidos e tipo de licencia pola que se está facendo o abono.

Artigo 4º

Os novos socios deben enviar un correo electrónico ao club ou chamar para expresar a súa intención de causar alta. Para que a alta sexa efectiva han de proporcionar os seus datos persoais cubrindo un formulario disponible na web do club. A continuación deben facer o ingreso na conta do club do mesmo xeito que para as renovacións. Os socios que desexen facer constar cambios no seus datos persoais poderán utilizar o formulario da web.

Artigo 5º

No caso das persoas que xa conten cunha **licenza** federativa e queiran facerse socias, deberá achegarse ao club, prefereriblemente por correo electrónico, unha foto ou copia escaneada da parte traseira da licenza **onde consten claramente** os datos personais e a data de validez da licenza en curso.

Artigo 6º

Os socios terán as seguintes vantaxes:

1. As proporcionadas pola Licenza da Federación Galega de Montañismo, que inclúe seguro de accidentes para a práctica de deportes de montaña, descontos nas instalacións de montaña, prezos especiais nos refuxios e albergues das federacións autonómicas e acceso a cursos realizados pola Federación (Orientación, Escalada, Rutas, etc.).
2. Acceso ás actividades do club, que conta cun calendario anual de actividades de sendeirismo con prezos especiais así como o uso e préstamo do material propiedade do club.
3. Todas as vantaxes que ofrece a Federación Española (FEDME).

ADMISIÓN A RUTAS

Artigo 7º

Para solicitar praza nas excursions será preciso realizar o pago por adiantado mediante ingreso na conta bancaria indicada na web, polo importe indicado según as seguintes categorías:

- a) Socios, que deberán aportar no ingreso o nome e apelidos.
- b) Non socios federados con outros clubs, que deberán aportar nome e apelidos no ingreso, e enviar ao correo do club (carroucho@carroucho.org) unha foto da súa licenza federativa en curso alomenos a primeira vez que se apunten no ano. De non ter constancia de que o non socio conta co preceptivo seguro para a realización destas actividades, **denegaráselle a participación na ruta.**
- c) Non socios non federados, que deberán aportar nome e apelidos no ingreso ademáis dun teléfono de contacto e o seu DNI, ou ben nos datos ampliados do ingreso ou ben a través do correo do club (carroucho@carroucho.org).

Os ingresos das persoas que non teñan datos suficientes para identificar ao pagador e non poidan validarse ou identificarse, e non se completen con un correo ou chamada ao teléfono do club, terán como resultado a perda da praza na ruta.

Artigo 8º

Para as rutas dun día, os **socios terán preferencia** na reserva de prazas se o ingreso se fai **ata 7 días antes da ruta**. A partires do sábado anterior á ruta estarán en igualdade de condicións que os non socios, é dicir, as prazas adxudicaranse estrictamente pola data de ingreso. No caso de que non quedaran prazas dispoñibles, comunicaráselle ao subscritor e devolveráselle o importe.



DEVOLUCIÓNS DE IMPORTES

Artigo 9º

A devolución do importe pagado para a asistencia a unha ruta, só se efectuará no caso de que se avise con antelación:

- a) Nas rutas DUN DÍA, a data tope para avisar da devandita ausencia con dereito a devolución será ata as 22,00 horas do mércores anterior á saída, é dicir, tres días antes do día da ruta.
- b) No caso das saídas de VARIOS DÍAS, o dereito a devolución pérdese a partir das 22:00 horas do día que se sinala na información da ruta como o derradeiro para soliciala que, con carácter xeral será o SÉTIMO día antes do comezo da saída.

Artigo 10º

Se se anulase a viaxe de varios días despois do establecido, devolveranse as cantidades aboadas, pero descontarase calquera gasto que sexa revertido ao club como consecuencia da reserva, máis o 5% polos gastos de xestión, e se non é suficiente o pagado quedarase en débeda co club e mentres non resarza esa débeda non se poderá participar en futuras actividades.

Artigo 11º

Se durante a estanza do club en calquera establecemento hostaleiro, algún socio tivese que ausentarse xustificadamente, negociariase o seu caso co establecemento. Posteriormente informaráselle se ten dereito a algunha devolución. Os gastos correspondentes ao transporte non serán, **en ningún caso** reembolsables.

Artigo 12º

Se algún participante desexa utilizar medios de transporte alleos aos proporcionados polo club, para desprazarse ata o comezo dunha actividade e/ou dende o remate da mesma, **en ningún caso** iso conlevará o reembolso de ningunha parte do precio fixado para a actividade.

PUNTUALIDADE DURANTE OS TRAXECTOS

Artigo 13º

Estando tipificadas as horas de recollida nas diferentes paradas, tratarase de que o autobús, inicie o seu percorrido 5 minutos máis tarde da hora indicada. Quere isto dicir, que ao paso do autobús, se non se está na parada entenderase que non se acode á ruta. O bus leva un cartel con nome do club indicado.

Artigo 14º

Para facilitar a chegada dos que por calquera causa perderon o autobús nunha parada, **previa chamada telefónica ao móbil do club**, poderase esperar ata un máximo de 20 minutos máis da hora de partida fixada, na última parada (a de Servizos Múltiples do Burgo).

Os horarios de recollida nas paradas, excepto cando se indique o contrario na información dunha ruta, quedan establecidos con carácter xeral do seguinte xeito:

Ventorrillo (en fronte ambulatorio)	7:55
Fogar de Santa Margarida	8:00
San Pedro de Mezonzo	8:05
Parada bus Gaiteira (en fronte Citroën)	8:10
Parada bus Os Castros (en fronte Igrexa do Carme)	8:15
O Burgo (en fronte Servizos Múltiples)	8:30

Artigo 15º

Durante o traxecto de ida o bus fará unha parada para almorzar e para facer algunha compra de avituallamento para aqueles que o precisen. Quen non retorne ao bus á hora fixada de reanudación da viaxe terá que esperar a ser recollido cando finalice a actividade, sempre que se sexa posible, ou retornar polos seus medios no caso de que non sexa posible a recollida.

Artigo 16º

Nas paradas que se producen como descanso ou como final de ruta establécese o mesmo procedemento que na parada do almorzo. En todo caso, a realización de ditas paradas estará sempre suxeita ao cumprimento da lexislación vixente en materia de transporte.

NORMAS PARA CAMIÑAR EN GRUPO

Artigo 17º

As marchas realizaranse procurando levar todos os compoñentes un ritmo similar, de xeito que non existan grandes distancias entre a dianteira e o peche da marcha.

Artigo 18º

Na dianteira, no medio e no peche da expedición situaríanse os guías da mesma. O/s guía/s do medio ten/teñen por misión enlazar a dianteira co peche. Ningún compoñente debe sobrepasar a posición do guía que encabeza ou quedarse detrás do guía do peche, e menos aínda sen avisar, e atenderá e cumprirá as indicacións dos guías participantes.



Artigo 19º

O incumprimento por parte dun participante de calquera indicación de procedemento recibida dos guías responsables, sobre todo das relativas á seguridade persoal ou do grupo, conleva automaticamente que dito participante deixe de estar baixo a tutela e protección do club sendo, a partir dese intre, as accións do participante exclusivamente da súa responsabilidade.

Artigo 20º

Durante a realización da actividade non se debe perder de vista ao último compañeiro de diante e débese procurar sempre que o compañeiro de detrás nos teña á vista. Se nun cruzamento un participante ten dúbida sobre o percorrido, porque non ten ninguén á vista, deberá esperar a chegada dun guía, ou observar o camiño por si quedou indicada a dirección correcta con algunha sinalización temporal como frechas de cartón ou reflectantes.

Artigo 21º

Se por algunha necesidade un participante ten que abandonar o camiño momentaneamente, ten a obriga de comunicalo ao guía ou compañeiro máis próximo, en caso urxente despoxarse da mochila e depositala no camiño, a xeito de aviso, para que os guías saiban que hai unha persoa moi preto. Se un compoñente queda rezagado debe comunicalo ao guía de peche para que éste contacte coa cabeza da marcha e se aminore ou se faga unha espera na cabeza do grupo.

Artigo 22º

Cando se camiñe por estradas é preciso facelo en fila de a un, e camiñando polo lado esquerdo do vial, para ver os coches de fronte. Nestos tramos extremaranse as precaucións por parte de todos os participantes. No caso de cruce de estradas con tráfico intenso os guías marcarán unha zona estreita para cruzar de xeito ordenado en pequenos grupos compactos. Nestos casos especialmente, atenderanse as indicacións dos guías e extremaranse moito as precaucións.

Artigo 23º

Se alguén desexa abandonar a ruta, por cansancio, molestias ou causa xustificada, deberá comunicalo sempre ao guía máis cercano para que llo comunique ao xefe da expedición e éste decida como e quen levará a cabo a evacuación dependendo das circunstancias.

Artigo 24º

A Xunta Directiva pode cambiar algunhas das actividades programadas se as circunstancias o requiren, así como limitar o número de participantes nalgunha actividade para maior seguridade e correcto funcionamento do grupo.

Artigo 25º

A Xunta Directiva pode modificar o trazado inicial da actividade se por motivos de horario, condicións climatolóxicas, perigosidade ou calquer causa sobrevida, existe un motivo que impida finalizar o percorrido con seguridade para o grupo.

Artigo 26º

Será responsabilidade persoal de cada socio, a tenza e administración de medicamentos, vendas e demais artigos sanitarios, para o seu uso persoal, especialmente aqueles que teña prescritos, non podendo garantir o club a administración de ningún medicamento nin atención médica máis aló da que se corresponde coa boa vontade e o deber de auxilio ata onde os medios e coñecementos dos participantes o permita.

Artigo 27º

Os participantes deberán gardar en todo momento unha conducta de respecto á natureza e ao medioambiente, evitando aquelas accións que poidan repercutir desfavorablemente no mesmo. Está terminantemente prohibido abandonar lixo durante as rutas ou calquer acción prexudicial para a flora e a fauna.

REXIME DISCIPLINARIO

Artigo 28º

Durante os desprazamentos e durante a actividade, todos os participantes deberán gardar unha correcta conducta de respecto mutuo e á propiedade privada que non desmereza a boa imaxe do club. Así mesmo no autocar se respectarán as normas establecidas pola Dirección Xeral de Tráfico, sendo responsable o infractor das consecuencias que do seu incumplimento se poidan derivar.

Artigo 29º

O incumprimento grave ou moi grave dalgúns dos artigos das normas para camiñar en grupo por parte dalgún participante, sexa socio ou non, poderá ser estudado pola Xunta Directiva, que poderá negarlle a posibilidade de anotarse a actividades do club de xeito temporal ou permanente, sen prexuízo de que se leven a cabo os trámites para iniciar outro tipo de accións disciplinarias.

Artigo 30º

No caso dos socios, a aplicación de accións disciplinarias debe levarse a cabo tras expoñer o caso en Asemblea Extraordinaria, e, previa audiencia do interesado, votarse o tipo e duración da sanción aplicable, que deberá ser sempre proporcional á gravidade da falta.

PREPARACIÓN DE RUTAS

Artigo 31º

Establécese unha cantidade mínima de 50€ en concepto de compensación de gastos por preparación de ruta que se aboará á persoa encargada da súa preparación. Tendo en conta que se para a preparación da mesma se superase esta cantidade, o importe a aboar será o resultante de sumar todos os gastos producidos compensables dos que se presente o correspondente xustificante.

Artigo 32º

Os conceptos compensables serán os seguintes: unha cantidade por quilómetro percorrido en vehículo particular, gastos de aloxamento e almuerzo, taxis e peaxes. Non será compensable ningún outro gasto agás os aquí especificados. Para a cantidade a aboar por quilómetro percorrido estarase ao disposto na derradeira orde publicada do Ministerio de Economía e Facenda sobre indemnizacións por razón de servizo.

Artigo 33º

Na realización das rutas preparadas, os preparadores das mesmas non aboarán nin traslados nin estanzas ao asistir a elas sempre que colaboren na organización e guiado delas. Establécese un máximo de dous persoas por ruta para acceder a este beneficio.

Artigo 34º

Se algún socio necesitase a colaboración da Xunta Directiva para a preparación dalgunha ruta, ten dereito a solicitar axuda sen rebaixarlle ningún dos seus beneficios pola presentación desta, establecéndose o mesmo sistema de compensacións xa detallado. O transporte, se é o caso, dos membros de apoio, será por conta do socio que o solicite.

NORMATIVA DO MATERIAL

Artigo 35º

O material é de uso exclusivo **para os socios**, e non se debe ceder o seu uso a persoas alleas ao Club, salvo por decisión da Xunta Directiva no caso de que aquelas estean a participar nunha actividade do Club. Neste último caso os socios sempre terán preferencia sobre os non socios, e as actividades do Club terán preferencia absoluta sobre as persoais, en canto ao uso do material. Aos socios que incumpran as presentes normas poderáselles denegar ou limitar o Servizo de Préstamo de Material.

Artigo 36º

As solicitudes de material faranse por cada socio interesado, a través de correo electrónico ou teléfono. A continuación formalizaranse no [modelo disposto na web](#). Se as solicitudes exceden das existencias de material, a Xunta Directiva priorizará aqueles socios que dispuxesen do material menos veces con anterioridade, e en caso de empate, terá prioridade quen o solicitase primeiro. O préstamo de material farase de xeito gratuíto. Non obstante, nalgúns casos poderá establecerse o depósito de determinada cantidade en concepto de fianza, para sufragar os gastos de substitución de material por deterioración debido ao seu uso.

Artigo 37º

A recollida e entrega do material farase en día e lugar acordado na aprobación da solicitude de préstamo. O socio ao recoller o material, deberá proceder ao seu exame, notificando as anomalías se as houber, xa que no momento da devolución será responsable dos danos que presente. Valorando ademais se é apto para o seu uso na actividade que vai facer e baixo a súa responsabilidade. Se o socio non devolve o material na data indicada (salvo acordo ou causa xustificada), isto podería levar consigo que non se lle atendan futuras solicitudes.

Artigo 38º

O material debe ser devolto no mesmo estado en que se recolleu, permitíndose unicamente unha deterioración moderada debido ao uso normal deste. En caso de rotura, o socio deberá reparalo ou substituílo pola súa conta. En caso de extravío ou roubo, o socio deberá repoñelo. Substituirase ou repoñerase en calquera caso por outro novo de similares características e marca. No caso de roubo, ademais, deberá entregarse unha copia da correspondente denuncia formulada ante a autoridade competente.

Artigo 39º

Con carácter xeral prestarase o material durante o tempo necesario, pero *non superior a 15 días*, salvo que existan circunstancias especiais, en cuxo caso poderase pedir unha prórroga por outros 15 días.

Artigo 40º

O Club non se fai responsable dos accidentes que puidesen acontecer polo uso inadecuado ou pola falta de coñecementos dos socios ao utilizar o material prestado.

DISPOSICIONS FINAIS

Artigo 41º

Todo aquilo non previsto na presente Normativa será resolto pola Xunta Directiva do Club de conformidade cos Estatutos e sin contradecir a Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 42º

Este Regulamento é susceptible de ser modificado en calquera dos seus puntos. Os cambios deben aprobarse en Asemblea Xeral Extraordinaria e entrarían en vigor desde a súa aprobación e posterior posta a disposición dos socios na páxina web do Club.